

SISONS é un proxecto de gran interese para o sector cultural galego e do noroeste da península ibérica, pola calidade das propostas que se van a seleccionar, o obxectivo da súa difusión e a potenciación dos intereses conxuntos da música galega.

Para iso, durante a celebración da feira/festival tratarase de buscar sinerxías con outras entidades para alcanzar outros públicos e reforzar a comunicación desde aspectos turísticos, ambientais, sociais e educativos colaborando con outros axentes e outras sensibilidades coa música e os seus valores.

CONVOCATORIA PROGRAMADORES E PROFESIONAIS

SISONS ENCLAVE MUSICAL 2024

SISONS invita a participar a programadores e profesionais do sector musical SISONS 2024. Trátase dun encontro aberto ao público que reunirá a profesionais do sector musical, contará con multitude de charlas, presentacións, showcases, concertos e actividades paralelas. O obxectivo principal é a dinamización da vida cultural e a promoción de actividades musicais e artísticas.

A través desta convocatoria pública preténdese invitar profesionais para presentar a solicitude que lles permita participar nas actividades que terá lugar durante a celebración do SISON Enclave Musical 2024, e terán así a oportunidade de dar os



primeiros pasos nun proxecto de diálogo, creación de novas formas de difusión e promoción da música en Galicia.

CRONOGRAMA DA CONVOCATORIA PARA PROFESIONAIS

- Apertura: 24 de Febreiro de 2024
- Peche: 30 de Setembro de 2024

PARTICIPANTES

Esta convocatoria vai dirixida aos profesionais do sector, responsables de programación, pública e privada, responsable da programación de teatros concertos, responsables da programación de feiras e festivais entre outros.

PRESENTACIÓN DA PROPOSTA

O proceso de inscrición deberá ser realizado a través da plataforma virtual mostrada na páxina web: www.sisons.gal

PARA PROFESIONAIS E PROGRAMADORES

1. Aceptar as bases da convocatoria, así como o tratamento dos datos polos organizadores do evento.



2. Completar e finalizar a inscrición no prazo establecido. Todas esas inscricións incompletas, rematadas fóra do prazo ou que non acepten as condicións ou prazos establecidos quedarán excluídas do proceso.

3. Deberán acreditar, documentalmente, que desempeñan un cargo de programador, público ou privado.

4. Ao inscribirse, o participante autoriza á organización a realizar e publicar fotografías dos asistentes nos actos nos que interveña, coa finalidade de promover e difundir o evento.

PARTICIPACIÓN DE PROFESIONAIS NAS RONDAS EMPRESARIAIS

Para a participación nas sesións da conferencia empresarial, que terán lugar o día venres 18 de outubro de 10:00 a 11:30 horas e sábado 19 de outubro de 11:00 a 13:00 horas, e cunha duración aproximada de 10 minutos, programadores que queiran participar activamente, poden expresalo no recadro correspondente da formulario de inscrición, coa finalidade de manter un diálogo proactivo sobre os novos retos, inquedanzas e proxectos do ecosistema musical. Esta actividade non terá un custo de rexistro para os programadores.*

**Os horarios non son definitivos e poderán cambiar mantendo o mesmo día*

No caso de querer participar activamente, os programadores deben especificalo no formulario de inscrición.

3



SOBRE AS MOSTRAS ARTÍSTICAS

SISONS programará presentaciónis promocionais que terán unha duración de 30 minutos de duración e ponencias. Ademais, celebraranse xornadas empresariais, onde os licitadores e solicitantes poderán presentar as súas dúbidas e lograr a converxencia nos intereses de ambos.

As presentacións previstas serán realizadas polos artistas seleccionados pola organización e estará dirixido a programadores profesionais e participantes de SISONS en xeral.

DEREITOS E OBRIGAS DOS PARTICIPANTES

Os e as participantes na convocatoria comprométense coa organización do evento a:

- Cumprir coas regras de protección dos dereitos de autor con todos e cada un dos produtos, obras artísticas, interpretacións ou execucións artísticas, que

forman parte das propostas presentadas.

- Certificar documentalmente que os programadores, sexan públicos ou privados, no momento da execución das SIONS, encóntrense cumprindo a normativa laboral e administrativa, presentando calquera documentación

4



referente á actividade, solicitada pola organización de SIONS no prazo e forma que esta determine.

- Aceptar as bases e regulamentos da convocatoria, así como calquera aclaración ou modificación do mesmo.
- Cumprir as condicións sinaladas neste documento, sendo entendido que o participante debe practicalas ao longo do término da convocatoria. • Se nalgún momento o interesado incumpre algunha destas condicións, poderá quedar excluído da convocatoria.
- Aceptar o resultado da convocatoria e participar activamente. • Asistir e participar no SIONS 2024 que terá lugar entre os días 16 e 19 de outubro en Santiago de Compostela.
- Os programadores profesionais interesados en participar en eventos e actividades establecidas, deben ter en conta que a organización ofrece a asumir os gastos de pernoctación e manutención de distintos participantes profesionais durante os días 16 e 17 de outubro aos que se lles comunicará a resolución por correo tras analizar todas as solicitudes.

DEBERES DA ORGANIZACIÓN

- Proporcionar espazos debidamente acondicionados para as diferentes actividades organizadas para a participación de programadores.
- Elaborar un plan de traballo coordinado que permita unha correcta execución de as presentacións, speedmeetings e showcases.
- Chamar e invitar a programadores, produtores e outros profesionais interesado na oferta cultural.

5



- Organizar e coordinar as SIONS 2024 que terán lugar do 16 ao 19 de outubro 2024 en Santiago de Compostela.

Para máis información sobre o proceso de inscrición para artistas e profesionais podes contactar ao correo electrónico: info@sions.gal

Colabora:



